

Valoración medioambiental, cultural y paisajística de los espacios rurales gallegos: una perspectiva económica

MARÍA L. LOUREIRO GARCÍA / MELINA BARRIO MARTÍNEZ
CIEF-Fundación Caixa Galicia. 2009
[263 páxinas]

Recibido: 31 de agosto de 2009
Aceptado: 6 de novembro de 2009

Esta obra, estruturada en catro capítulos, presenta unha análise económica de grande interese non só para a comunidade científica, senón tamén para a sociedade e para as Administracións Públicas. É de interese para a comunidade científica porque se aplican recentes e punteiros métodos de valoración económica de bens e servizos que carecen de valor comercial; é de interese social porque o tema de estudo fusiona cuestións tan relevantes para a sociedade galega como son os recursos naturais, paisaxísticos e culturais, centrándose nas áreas de poboación que experimentaron un maior declive nas últimas décadas e sobre as que urxe emprender medidas de actuación; e é de interese para as Administracións Públicas porque sobre elas recae a responsabilidade de emprender as accións necesarias para incrementar o benestar da sociedade galega no seu conxunto. Todos deberíamos, polo tanto, tomar boa nota das conclusións de María Loureiro e de Melina Barrio, pois as súas recomendacións baséanse nunha análise científica rigorosa que toma como punto de partida as preferencias declaradas pola sociedade galega.

No primeiro capítulo as autoras presentan unha caracterización da paisaxe rural galega. Abordan no desequilibrio interterritorial en Galicia, intensificado nas últimas décadas por un éxodo de poboación do rural ás zonas máis industrializadas –o litoral–, o abandono das actividades agrarias tradicionais e a intensificación na produción de certos produtos primarios, a artificialización do territorio, a perda de tradicións e de trazos culturais, etc. Neste escenario, aquela paisaxe á que aludían grandes pensadores como Otero Pedrayo ou Castelao, ou aquel que explicaba con gran precisión Abel Bouhier, tende a desaparecer –e en moitos enclaves xa o fixo–, e as xeracións futuras dificilmente poderán afacerse á idea do que representaba a paisaxe galega hai tan só cincuenta anos. As autoras saben transmitir a importancia da acción humana e das relacións home-terra como factor explicativo do cambio acaecido. Ademais, e ao meu parecer cun grande acerto, fan fincapé na importancia da xestión da paisaxe como un continuo, fronte á opción menos desexable de pequenos illotes illados no territorio.

No segundo capítulo presentan unha aplicación de métodos de preferencias declaradas á Reserva da Biosfera Oscos río Eo. Logo dunha exhaustiva descrición da área de estudo, e utilizando un experimento de elección, estiman a disposición ao pagamento da poboación local afectada por esta reserva en canto a diversas medi-

das de actuación que mellorarían o estado natural e cultural da rexión. Constátase que a poboación consultada valora de xeito positivo e dálle prioridade á actuación de mellora sobre os ríos, seguida pola conservación do patrimonio cultural. Así mesmo, comprobán que un plan de mantemento do lobo non xeraría un cambio de benestar positivo. Neste sentido, as autoras fannos reflexionar sobre o comportamento humano, os conflitos de intereses económicos e a preservación de fauna en perigo de extinción. Finalmente, usando un modelo de clase latente (método econométrico de recente aplicación en estudos deste tipo), demostran que as preferencias difiren notablemente entre os individuos (preferencias heteroxéneas). Así, comprobán como os residentes nos núcleos e fóra dos núcleos da zona de estudo valoran de forma diferente o programa ambiental formulado.

No terceiro capítulo analízanse as preferencias de turistas por diversas medidas de xestión na Ribeira Sacra, unha zona que está pendente de ser declarada paisaxe protexido pola Xunta de Galicia. Para iso aplícase un experimento de elección que formula a preservación: 1) dos monumentos históricos; 2) das tradicións locais, comida típica e asentamentos rurais; 3) do medio natural; e 4) da paisaxe agrícola e do bosque tradicional. Os turistas valoran especialmente aquelas actuacións relativas á mellora do stock ambiental local, dando menor importancia a medidas relacionadas co consumo de bens locais con mercado, como a gastronomía e o viño. Dada a riqueza e a calidade deste tipo de produtos, da análise efectuada conclúese a necesidade de incrementar os programas de información sobre tales bens comerciables, de forma que se aumenten os rendementos económicos obtidos da súa explotación. Así mesmo, as autoras deixan aberto un futuro traballo de investigación, que consiste no estudo das preferencias dos residentes locais sobre programas de xestión do medio natural e rural (análise similar á presentada no segundo capítulo), de forma que se poida comparar en que medida converxen ou non as preferencias dos residentes coas dos visitantes que fan noite neste espazo protexido.

Finalmente, o último capítulo céntrase na análise económica-ambiental do cambio experimentado na paisaxe forestal como consecuencia dos catastróficos incendios acaecidos en Galicia durante o ano 2006, que arrasaron máis de 93.000 hectáreas dun dos nosos recursos naturais máis valiosos: o monte. Xustamente leo este capítulo durante uns calorosos días de agosto con vistas, por un lado, á ría de Vigo e, por outro, a un monte repoboado con piñeiros e eucaliptos que, na súa maior parte, xa están na súa quenda de corta. E lémbrome perfectamente de como naquel verán do ano 2006 as lapas queimaban os montes lindeiros, do ruído dos avións e dos helicópteros, das cuadrillas forestais, das posteriores intensas chuvias que contaminaron as praias e os areais, dos avisos que a comunidade científica viña dando desde facía xa tempo ás autoridades competentes, das poucas medidas que se tomaron desde aquela, etc. É por isto que este capítulo pecha de forma oportuna unha monografía que examina a paisaxe, a forma de vida tradicional, a calidade ambiental, etc., pois, como ben contextualizan as autoras, Galicia é unha rexión eminentemente forestal, onde os montes representan dous terzos da súa superficie total.

Co fin de cuantificar economicamente as perdas ocasionadas polos incendios producidos en Galicia durante o ano 2006, considéranse tanto efectos que teñen asociado un prezo de mercado como bens e servizos que carecen de valor comercial e que, ante a ausencia dunha análise como a aquí efectuada, serían introducidos na función de danos a un prezo nulo. Polo que respecta aos bens e servizos con mercado, cuantifícanse as perdas derivadas do turismo, da madeira queimada, da biomasa, da fixación e das emisións de CO₂, danos patrimoniais, gastos derivados da extinción e actuacións inmediatas aos incendios. O valor económico “comercial” perdido como consecuencia dos incendios en Galicia durante o ano 2006 situaríase entre os 209 e os 297 millóns de euros, dependendo dunha serie de hipóteses que as autoras fan explícitas como paso previo á presentación das diferentes estimacións. Entre os diferentes danos considerados, destacan as perdas derivadas da madeira queimada (cuantificadas en 80 millóns de euros), da biomasa (43 millóns de euros) e das emisións de dióxido de carbono (39 millóns de euros). Ademais, e polo que respecta a aqueloutros bens e servizos que non son comercializados no mercado, realízase unha cuantificación a partir dun cuestionario de valoración continxente no que se presenta un mercado hipotético que permite estimar o cambio de benestar que xeraría un programa de redución do risco de incendios nos montes galegos. As perdas de valores de uso pasivo ou valores “ambientais” cífranse na nada desprezable cifra de 39 millóns de euros que, sumados ás perdas comerciais, dan como resultado un valor económico “total” perdido comprendido entre os 248 e os 336 millóns de euros. Tomemos daquela boa nota de, por exemplo, cantas garderías ou centros xeriátricos se poderían facer con estes recursos económicos, e pensemos na importancia do coidado dos montes galegos...

Na última sección do libro preséntanse os cuestionarios utilizados para levar a cabo as diferentes análises de preferencias declaradas, o que non é habitual (aínda que cada vez menos, afortunadamente) nos estudos de valoración económica de bens e servizos sen mercado. Os cuestionarios son de especial interese para aqueles investigadores no campo da economía dos recursos naturais e ambientais e, en concreto, para aqueles que traballan habitualmente (ou que desexan empezar a facelo) con métodos de preferencias declaradas. Debemos agradecerlles ás autoras que faciliten esa información, pois é a base para a correcta comprensión e interpretación dos escenarios de valoración. Así, as autoras achegan un plus de transparencia sobre a “enxeñería económica” que se oculta tras os resultados que van presentando ao longo do libro.

MARIO SOLIÑO MILLÁN
Centro de Investigación Forestal (CIFOR)
Instituto Nacional de Investigación y Tecnología Agraria y Alimentaria (INIA)